

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 16 DE XUÑO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas e trinta minutos do día dezaseis de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES DE DATA 18 DE ABRIL DE 2016 (PLENO ORDINARIO) E DE 30 DE MAIO DE 2016 (PLENO EXTRAORDINARIO) ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente,

preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borradores das actas das sesións plenarias anterior de data 18 de abril e 30 de maio de 2016.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar os borradores das devanditas actas.

2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE XOVE DE APOIO OS/AS TRABALLADORES/AS DE ALCOA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse lectura á Declaración Institucional que se transcribe de seguido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

1.- *O Concello de Xove traslada o seu máis enérxico apoio e todo o ánimo ás traballadoras e traballadores da planta de Aluminio que a multinacional Alcoa posúe en San Cibrao. Neste sentido, ponse á súa disposición para realizar todas as xestións posibles para garantir os postos de traballo.*

2.- *O Concello de Xove manifesta que os arredor de 1.300 postos de traballo –entre directos e indirectos– que supón actualmente a planta de aluminio son fundamentais para esta comarca, para este concello e para as familias que aquí viven, para garantir a súa supervivencia e o seu futuro.*

3.- *O Concello de Xove ponse a disposición e insta a todas as institucións públicas a traballaren coordinada e continuamente para garantir que ningunha das posibles situacións que se poidan dar afecten aos postos de traballo, que se manteñan os empregos e as condicións dos mesmos, e se garanta que as nosas veciñas e veciños non se vexan afectados polas decisións empresariais*

dunha multinacional que actúe segundo os seus propios intereses económicos sen valorar as repercusións sociais que pode xerar nun territorio coma o noso.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda a aprobación da declaración institucional anteriormente transcrita.

3º.- MOCIÓN DO G.M. DO BNG SOBRE O PEIRAO DE SAN CIBRAO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse lectura á moción do BNG, que se transcribe de seguido:

D. Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

MOCIÓN PEIRAO SAN CIBRAO

A creación da provincia marítima de Lugo no decreto 432/2002, de 10 de maio, foi fundamental para a estrutura periférica da administración marítima. A día de hoxe, a provincia de Lugo é a única provincia do Estado con mar e sen autoridade portuaria propia, a pesar de que é nesta provincia (e concretamente na comarca da Mariña) onde se atopa o porto de Alcoa, un porto con alto volume de negocio.

Os datos que publica a Autoridade Portuaria Ferrol–San Cibrao sobre as contas anuais reflicten que este organismo estatal recadou por taxas e outros conceptos no peirao de Morás, desde o ano 2012 a 2014, uns 9,94 millóns de euros. Desta recadación, a provincia de Lugo (e concretamente A Mariña) só recibiu dos orzamentos do Estado no mesmo período uns 345.000 euros nos anos 2013 e 2014. Nos anos 2012 e 2015 non consta ningunha partida destinada a Lugo e no 2016 existe unha previsión de gasto de só 40.000 euros.

O movemento portuario do peirao de San Cibrao, dependente da Autoridade Portuaria Ferrol–San Cibrao e con uso exclusivo até o ano 2023 pola multinacional Alcoa por concesión administrativa de Portos do Estado, é significativo: entre os anos 2010 e 2014 movéronse anualmente mercadorías cun volume que vai entre as 5,1 e 5,5 millóns de Tns., por riba doutros peiraos con autoridade portuaria propia como Vilagarcía, Avilés, Sevilla ou Cádiz. Os recursos económicos obtidos entre 2012 e 2014 froito deste movemento portuario sumaron 9,94 millóns euros. No período 2012–2015 os orzamentos do Estado, sen que estea clara a súa execución, recollían para a provincia de Lugo unicamente 345.000 euros de gasto. Neste ano 2016 recollen 40.000 euros.

A multinacional Alcoa está explotando o porto comercial de San Cibrao, porto que no seu día foi construído polo INI. De acordo a esta concesión, Alcoa utiliza unicamente o dique sur, o que significa o desaproveitamento do dique norte para a súa utilización para o tránsito comercial. A este respecto débese ter en conta que a posta en funcionamento do dique norte, tal como consta en diferentes estudos e anteproxectos elaborados, incluso nalgúns casos por organismos públicos, significaría habilitar un peirao de atraque de 240 metros de lonxitude para buques de 222 mts de eslora, 11,5 mts de calado e 50.000 m² de explanada portuaria, sendo compatíbel co uso que fai Alcoa do dique sur.

Entendemos que os beneficios do Porto de San Cibrao deben reverter na comarca en lugar de drenar os seus beneficios cara outros peiraos competencia de Portos do Estado, xa sexa dentro ou fóra de Galiza, e entendemos tamén que a habilitación do dique norte sería unha boa forma de investir nesta bisbarra.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- ❑ 1.- Instar á Autoridade Portuaria Ferrol–San Cibrao a unha redistribución dos ingresos obtidos a través do Porto de San Cibrao, de xeito que estes ingresos revertan integramente na costa de Lugo.
- ❑ 2.- Instar ao goberno do Estado á creación da Autoridade Portuaria de San Cibrao.
- ❑ 3.- Instar á Xunta de Galiza a reclamar a transferencia a Portos de Galiza das competencias sobre o peirao de San Cibrao.
- ❑ 4.- Instar ao Ministerio de Fomento para que inicie as negociacións oportunas para abrir ao tráfico comercial o dique norte do Porto de Alcoa en San Cibrao.
- ❑ 5.- Remitir o acordo aos partidos políticos con representación no Parlamento Galego e nas Cortes Xerais do Estado.

Aberto o debate, polo Sr. López López do Grupo BNG explícase o contido e razóns da moción transcrita.

Polo Sr. Alcalde, contestase que o Grupo de Goberno está de acordo co fondo da moción pero considera que non é precisamente agora o momento máis axeitado para presentar esta moción, tendo en conta que a dispoñibilidade do porto por parte de Alcoa é un dos seus activos máis importantes. Engade o Sr. Alcalde respecto das outras peticións recollidas na Moción, que tal e como de xeito reiterado ben manifestando, primeiro que a Lei impide a inversión por parte da autoridade portuaria en terreos alleos ó solo portuario, segundo que a creación dunha autoridade portuaria na provincia de Lugo esixe como requisito indispensable a existencia dun porto de interese xeral na Provincia, requisito que non cumpre o Porto de San Cibrao precisamente pola condición de concesionaria do mesmo que ten Alcoa, e terceiro que é tremendamente complicado a petición de transferir á Xunta de Galicia a titularidade do porto de San Cibrao, xa que forma parte do Patrimonio do Estado con o inconveniente a maiores de estar suxeito a unha concesión administrativa.

Rematado o debate o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión accorde aproba-la moción anteriormente transcrita.

4º.- ACEPTACIÓN POLO CONCELLO DE XOVE DA CESIÓN EFECTUADA POLA ASOCIACIÓN DE FESTEJOS GARACA DUNHA PARCELA DA SÚA PROPIEDAD UBICADA NA RIGUEIRA PARA O SEU USO COMO ÁREA RECREATIVA DE CARÁCTER PÚBLICO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse lectura ó escrito remitido pola Asociación de Festejos Garaca dunha parcela da súa propiedade ubicada na Rigueira para o seu uso como área recreativa de carácter público, que se transcribe de seguido:

Propuesta de cesión al Concello de Xove de la parcela propiedad de la asociación, sita en La Regueira. municipio de Xove y su aprobación si procede.

Se somete a aprobación la propuesta de ceder al Concello de Xove la parcela propiedad de la Asociación, sita en La Regueira. Municipio de Xove, denominada Reconco, Zarollo o Berdeal, adquirida el 28 de mayo de 2013, mediante escritura pública 371 ante el notario de Viveiro Don Jorge Ron Latas y con escritura de rectificación del 5 de julio de 2013, con número 559 ante el notario de Viveiro Don Miguel A. Hortigüela Esturillo, para su destino como área recreativa de uso público.

Se somete a aprobación y resulta aprobada con el voto favorable de todos los asistentes, que representan asimismo el 100,00% de los socios.

Se faculta expresamente al Sr. Presidente Don José Antonio García Fernández, para suscribir cuantos documentos sean precisos, hasta el buen fin de lo acordado.

Polo Sr. Alcalde explícase que a razón da cesión de referencia non é outra que a de habilitar legalmente ó Concello de Xove para que poida invertir fondos municipais na creación dun área recreativa de carácter e uso público.

Polo Sr. López López manifestase que o seu grupo váise abster por descoñecer totalmente este asunto.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López; Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Iglesias Guerreiro e Meitin Rouco, e coa abstención dos Sres/Sras. López López, López Hermida e Fernández Louzao acorda aprobar a aceptación polo Concello de Xove da cesión efectuada pola Asociación de Festejos Garaca dunha parcela da súa propiedade anteriormente descrita, ubicada na Rigueira para o seu uso como área recreativa de carácter público.

5º.- RENDICIÓN DA PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN DO 2016 (PRIMEIRO TRIMESTRE). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

6º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FORGAR DO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO que se considera axeitado ofertar a prestación do sen/izo de axuda no fogar na modalidade de acceso libre en horas festivas, ademais das horas ordinarias previstas na vixente normativa.

Pola presente propoño ao Concello Pleno a modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do seguinte xeito:

Modifícase o artigo 6 do Regulamento, que queda redactado como segue:

Artigo 6.- Intensidade do Servizo:

A intensidade do Servizo determinarase en horas mensuais, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico, diferenciarase así mesmo entre as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia que estará predeterminado no seu programa individualizado (PÍA). A súa aplicación será flexible, e garantirá a cobertura das necesidades persoais na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1ª) da orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Nos restantes casos a intensidade do servizo nunca superará as 50 horas ordinarias mensuais, e 12 horas festivas mensuais e vira determinada no informe técnico emitido polos servizos sociais de atención primaria segundo baremo.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente a modificación do regulamento do Servizo de Axuda no Fogar descrita na proposta anteriormente transcrita, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 1 mes, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e /ou reclamacións no devandito trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

7º.- RATIFICACIÓN POLO CONCELLO PLENO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 27 DE ABRIL DE 2016 SOBRE A INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE XOVE NA ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de Abril de 2016 que a seguir se transcribe integramente:

D.1) INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE XOVE NA ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA.

Polo Sr. Alcalde explícanse as vantaxes de estar integrado nesta Asociación no eido da elaboración e ou tramitación de proxectos que poden ter acceso a determinadas liñas de axudas e subvención.

Polo Secretario Municipal lembrese que por aplicación do disposto no art. 22.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril o presente acordo ten que someterse necesariamente ao coñecemento e ratificación do pleno corporativo.

Enterada a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda:

- O Concello de Xove manifesta a súa vontade de integrarse como socio na Asociación Terras de Miranda comprometéndose a respetar e promocionar os fins de dita Asociación e a cumprir as obrigas estatutarias.*
- Designar como representante do Concello ante a Asociación Terras de Miranda a D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, con D.N.I 33993648-Q, (Alcalde Presidente do Concello de Xove) e como suplente do representante a Dª ANA MARÍA ABAD LÓPEZ con D.N.I. 33992521 Q (Primeira Tenente de Alcaldía do Concello de Xove).*

Igualmente acordase aos efectos do disposto no art. 22.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril dar traslado do presente acordo para coñecemento e se é o caso ratificación ao pleno corporativo.

Polo Sr. Alcalde explícase que a razón da integración do Concello de Xove na Asociación Terras de Miranda é habilitar un medio para que o Concello de Xove poida presentar proxectos e optar a subvencións tramitadas a través do Programa Leader 2014-2020.

Polo Sr. López López manifestase que o Grupo Municipal do BNG vaise abster xa que os estatutos de esta asociación son totalmente ambiguos e inconcretos.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López; Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Iglesias Guerreiro e Meitin Rouco, e coa abstención dos Sres/Sras. López López, López Hermida e Fernández Louzao acorda aprobar a ratificación polo concello Pleno do Acordo da Xunta de Goberno de 27 de abril de 2016 anteriormente transcrita.

8º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DUN EXPEDIENTE DE GASTO PLURIANUAL PARA O FINANZAMENTO DA CONTRATACIÓN DO

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da Proposta de Alcaldía verbo do asunto do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

VISTA a Providencia de Alcaldía de data 2 de xuño pola que se inicia expediente de aprobación de gasto plurianual para dotar o crédito necesario para a aprobación da contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Xove.

Visto o Informe emitido con esta mesma data pola Interventora Municipal que a continuación se transcribe:

INFORME DE INTERVENCIÓN

Dona ELENA SANTOS REY, Interventora do Concello de Xove (LUGO),

ASUNTO: Providencia de Alcaldía de data 2 de xuño de 2.016 ordeando a incoación de expediente de gasto plurianual necesario para acadar a consignación orzamentaria suficiente para proceder á contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Xove.

LEXISLACIÓN APLICABLE: 1.- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 174

2.- Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título Sexto do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en materia de orzamentos; arts. 79 a 88.

En cumprimento da Lexislación aplicable, pola funcionaría que subscribe, infórmase o seguinte:

Primeiro.- Con data 23 de maio de 2016 dítase Providencia de Alcaldía na que se xustifica a necesidade de incoar expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Xove.

A duración do contrato, segundo se establece na Providencia, será de catro anos, con posibilidade de prórroga de dous anos máis.

Segundo.- De acordo co artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, son gastos plurianuais aqueles que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel no que se autorizan e comprometen. A autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

Terceiro.- Segundo o artigo 80 do RD 500/90, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que, ademais se atopen nalgún dos seguintes casos: b) contratos deprestación de servizos...

Cuarto.- A autorización deste gasto de carácter plurianual está supeditada ao cumprimento de determinados límites temporais e cuantitativos, a saber: o número de exercicios a que pode aplicarse o gasto non debe ser superior a catro; asímesmo o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial correspondente ao ano 2.016 as seguintes porcentaxes: 70% para o exercido 2.017, 60% para o exercido 2018 e 50% para 2019 e 2020. Non obstante, a duración máxima do presente contrato poderá ascender en total a seis anos.

Neste caso, o gasto cuxa aprobación se propón non cumpre o requisito do límite temporal e polo tanto debe recurrirse á aplicación do apartado 5 do artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo que

establece que, en casos excepcionais o Pleno da Corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes mencionados anteriormente, resultando polo tanto necesaria unha excepcionalidade de límites aprobada polo Pleno da Corporación.

Para dar debido cumprimento a este artigo, o Concello deberá dispor de crédito por importe de alómenos 206.700,00 euros no Orzamento de Gastos do exercido 2.016 para dar cobertura á anualidade do gasto para o presente exercido; nos Estados de Gastos dos Orzamentos de 2017 a 2021 e sempre e cando se exerza a opción de prórroga, deberá dotar a contía de 620.100,00 euros e finalmente no Estado de Gastos do Orzamento correspondente a 2022, será precisa a contía de 413.400,00 euros.

CONCLUSIONES

Procede polo tanto a aprobación por parte do Pleno da Corporación do expediente de gasto plurianual a nivel de vinculación xurídica 2.2 excepcionando o cumprimento do límite temporal para elévalo de catro a seis anos, do seguinte xeito:

- Ano 2016: 206.700,00 €
- Ano 2017: 620.100,00 €
- Ano 2018: 620.100,00 €
- Ano 2019: 620.100,00 €
- Ano 2020: 620.100,00 €
- Ano 2021: 620.100,00 €
- Ano 2022: 413.400,00 €

Non obstante, a aprobación do presente expediente supón a obriga de dotación anual en cada un dos vindeiros exercicios da contía a que finalmente se eleve o prezo de adxudicación do contrato.

é todo o que se ten a ben informar sen perxucio de superior criterio.

Pola presente PROPOÑO AO CONCELLO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

ÚNICO.- A aprobación do expediente de gasto plurianual para acadar o adecuado financiamento da contratación a realizar exepcionando o cumprimento do límite temporal imposto polo artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, coas seguintes características:

- Ano 2016: 206.700,00 €
- Ano 2017: 620.100,00 €
- Ano 2018: 620.100,00 €
- Ano 2019: 620.100,00 €
- Ano 2020: 620.100,00 €
- Ano 2021: 620.100,00 €
- Ano 2022: 413.400,00 €

Enterado, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita e en consecuencia o gasto plurianual reflectido na mesma.

9º.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS REGULAMENTADORAS DA LICITACIÓN DO CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó concello Pleno do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas Regulamentadoras da licitación do contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do concello de Xove.

Igualmente dáse conta da proposta de Alcaldía incorporada ó expediente elaborado polos servizos municipais de Intervención e Secretaría que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/03, de 16 de decembro

VISTA a Resolución de Alcaldía de data 25 de maio de 2016 que a continuación se transcribe:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Vista a Proposta-Providencia de Alcaldía de 23 de maio na que se poñía de manifesto a necesidade de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar, tanto na modalidade de libre acceso coma en dependencia por finalización do contrato actualmente vixente con Coidados, S.L.

Visto que dada a característica do contrato se considera como procedemento máis adecuado o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e que se trata de un contrato suxeito ac regulación harmonizada.

Visto o Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e o informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é o Concello Pleno posto que o importe do contrato ascende a 596.250,00 euros e 23.850,00 euros de IVE para cada un dos 4 anos de duración do contrato, con posibilidade de prórroga de dous anos adicionais e modificacións contractuais previstas que poderían no seu caso, aumentar o seu valor, e polo tanto superando o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento deste Concello e podendo superar os catro anos previstos na Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 109 e DA 2a do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

RESOLVO

PRIMEIRO.- *Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE debido ás necesidades explicitadas na Providencia de Alcaldía de data 23 de maio, de regulación harmonizada, de xeito aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación.*

SEGUNDO.- Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares así como o Prego de Prescricións Técnicas que ha de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Xove a 25 de maio de 2016

Unha vez incorporados ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas e visto o informe proposta de Secretaría desta mesma data.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, PROPOÑO AO CONCELLO PLENO, a adopción do seguinte ACORDO:

- *PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE.*
- *SEGUNDO. Tendo en conta o período prolongado de presentación de ofertas, estímase que a adxudicación do contrato podería demorarse ata o mes de agosto co que o gasto a autorizar sería o correspondente ao tipo de licitación para un ano prorrateado por 4 meses desde setembro a decembro, contía de 206.700,00 euros, con cargo á partida 231.227.99.*
- *TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, que rexerán o contrato de servizos por procedemento aberto, tramitación ordinaria, oferta máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación.*
- *CUARTO. Ao tratarse de un contrato suxeito a regulación harmonizada (CONTRATO SARA), debe publicarse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea para que durante o prazo de 40 días naturais os interesados podan presentar as proposicións que consideren pertinentes; posteriormente o dito anuncio publicarase no Boletín Oficial do Estado así como no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de Contratante da web do Concello.*
- *QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 da Lei de contratos do sector público.*

Enterado, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda a aprobación da proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

10º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DUN EXPEDIENTE DE GASTO PLURIANUAL PARA O FINANZAMENTO DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E ENVASES LIXEIROS DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da Proposta de Alcaldía verbo do asunto do epígrafe que a seguir se transcribe integramente

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

VISTA a Providencia de Alcaldía de data 22 de abril pola que se inicia expediente de aprobación de gasto plurianual para dotar o crédito necesario para a aprobación da contratación da prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e envases lixeiros (bolsa amarela) do Concello de Xove.

Visto o Informe emitido con esta mesma data pola Interventora Municipal que a continuación se transcribe:

INFORME DE INTERVENCIÓN

Dona ELENA SANTOS REY, Interventora do Concello de Xove (LUGO),

ASUNTO: Providencia de Alcaldía de data 22 de abril de 2.016 ordeando a incoación de expediente de gasto plurianual necesario para acadar a consignación orzamentaria suficiente para proceder á contratación da prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e envases lixeiros (bolsa amarela) do Concello de Xove.

LEXISLACIÓN APLICABLE: 1.- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 174

2.- Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título Sexto do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en materia de orzamentos; arts. 79 a 88.

En cumprimento da Lexislación aplicable, pola funcionaria que subscribe, infórmase o seguinte:

Primeiro. - Con data 20 de abril de 2016 dítase Providencia de Alcaldía na que se xustifica a necesidade de incoar expediente de contratación da prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e envases lixeiros do Concello de Xove.

A duración do contrato, segundo se establece na Providencia, será de catro anos, con posibilidade de prórroga de dous anos máis.

Segundo.- De acordo co artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, son gastos plurianuais aqueles que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel no que se autorizan e comprometen. A autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

Terceiro.- Segundo o artigo 80 do RD 500/90, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que, ademais se atopen nalgún dos seguintes casos: b) contratos deprestación de servizos...

Cuarto.- A autorización deste gasto de carácter plurianual está supeditada ao cumprimento de determinados límites temporais e cuantitativos, a saber: o número de exercicios a que pode aplicarse o gasto non debe ser superior a catro; asimesmo o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial correspondente ao ano 2.016 as seguintes porcentaxes: 70% para o exercicio 2.017, 60% para o exercicio 2018 e 50% para 2019 e 2020. Non obstante, a duración máxima do presente contrato poderá ascender en total a seis anos.

Neste caso, o gasto cuxa aprobación se propón non cumpre o requisito do límite temporal e polo tanto debe recurrirse á aplicación do apartado 5 do artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo que establece que, en casos excepcionais o Pleno da Corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes mencionados anteriormente, resultando polo tanto necesaria unha excepcionalidade de límites aprobada polo Pleno da Corporación.

Para dar debido cumprimento a este artigo, o Concello deberá dispor de crédito por importe de alómenos 55.000,00 euros no Orzamento de Gastos do exercicio 2.016 para dar cobertura á anualidade do gasto para o presente exercicio; nos Estados de Gastos dos Orzamentos de 2017 a 2021 e sempre e cando se exerza a opción de prórroga, deberá dotar a con tía de 132.000,00 euros e finalmente no Estado de Gastos do Orzamento correspondente a 2022, será precisa a contía de 77.000,00 euros.

CONCLUSIÓNS

Procede polo tanto a aprobación por parte do Pleno da Corporación do expediente de gasto plurianual a nivel de vinculación xurídica 2.2 excepcionando o cumprimento do límite temporal para elévalo de catro a seis anos, do seguinte xeito:

- -Ano 2016:55.000,00 €
- -Ano 2017:132.000,00 €
- -Ano 2018:132.000,00 €
- -Ano 2019:132.000,00 €
- -Ano 2020: 132.000,00 €
- -Ano 2021:132.000,00 €
- -Ano 2022:77.000,00 €

A aprobación do presente expediente supón a obriga de dotación anual en cada un dos vindeiros exercicios da contía a que finalmente se eleve o prezo de adxudicación do contrato.

É todo o que se ten a ben informar sen perxucio de superior criterio.

Pola presente PROPOÑO AO CONCELLO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

ÚNICO.- A aprobación do expediente de gasto plurianual para acadar o adecuado financiamento da contratación a realizar excepcionando o cumprimento do límite temporal imposto polo artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, coas seguintes características:

- -Ano 2016: 55.000,00 €
- -Ano 2017: 132.000,00 €
- -Ano 2018: 132.000,00 €
- -Ano 2019: 132.000,00 €
- -Ano 2020: 132.000,00 €
- -Ano 2021: 132.000,00 €
- -Ano 2022: 77.000,00 €

Enterado, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita e en consecuencia o gasto plurianual reflectido na mesma.

11º.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS REGULAMENTADORES DA LICITACIÓN DO CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E ENVASES LIXEIROS DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó concello Pleno do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas regulamentadoras da licitación do contratación da prestación do Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Envases Lixeiros do Concello de Xove.

Igualmente dáse conta da proposta de Alcaldía incorporada ó expediente elaborado polos servizos municipais de Intervención e Secretaría que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/03, de 16 de decembro

VISTA a Resolución de Alcaldía de data 20 de abril de 2016 que a continuación se transcribe:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

ADMINISTRATIVA

Vista a Proposta-Providencia de Alcaldía de 20 de abril na que se poñía de manifesto a necesidade de contratación da prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e de envases lixeiros por finalización do contrato actualmente vixente con Urbaser, S.A..

Visto que dada a característica do contrato se considera como procedemento máis adecuado o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación.

Visto o Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e o informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é o Concello Pleno posto que o importe do contrato ascende a 120.000,00 euros e 12.000,00 euros de IVE para cada un dos 4 anos de duración do contrato, con posibilidade de prórroga de dous anos adicionais e modificacións contractuais previstas que poderían no seu caso, aumentar o seu valor, e polo tanto superando o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento deste Concello e podendo superar os catro anos previstos na Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 109 e DA 2a do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

RESOLVO

PRIMEIRO- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (R.S.U.) E RECOLLIDA DE ENVASES LIXEIRO (BOLSA AMARELA) DO CONCELLO DE XOVE debido ás necesidades explicitadas na Providencia de Alcaldía de data 20 de abril, de xeito aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación.

SEGUNDO.- Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares así como o Prego de Prescricións Técnicas que ha de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Xove a 20 de abril de 2016

Unha vez incorporados ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas e visto o informe proposta de Secretaría desta mesma data.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, PROPOÑO AO CONCELLO PLENO, a adopción do seguinte ACORDO:

- *PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación do servizo de RECOLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E ENVASES LIXEIROS (BOLSA AMARELA) DO CONCELLO DE XOVE.*
- *SEGUNDO. Tendo en conta o período prolongado de presentación de ofertas, estímase que a adxudicación do contrato podería demorarse ata o mes de xullo co que o gasto a autorizar sería o correspondente ao tipo de licitación para un ano prorrateado por 5 meses desde agosto a decembro, contía de 55.000,00 euros, con cargo á partida 1621.227.99.*
- *TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, que rexerán o contrato de servizos por procedemento aberto, tramitación ordinaria, oferta máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación.*
- *CUARTO. Ao tratarse de un contrato suxeito a regulación harmonizada (CONTRATO SARA), debe publicarse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea para que durante o prazo de 40 días naturais os interesados podan presentar as proposicións que consideren pertinentes; posteriormente o dito anuncio publicarase no Boletín Oficial do Estado así como no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de Contratante da web do Concello.*
- *QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 da Lei de contratos do sector público.*

Enterado, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda a aprobación da proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do rogo presentado por escrito polo Grupo Municipal do BNG que a seguir se transcribe integramente

Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o ROGO que segue:

"O estacionamento de camións ao remate da avenida Deputación, onde xa non existen prazas de aparcamento de turismos, provoca que a incorporación dende a estrada que ven do campo de fútbol á Av. Deputación, se faga con moi pouca visibilidade. Hai que aproximarse moi amodo arimando o morro do coche e mirando cara os lados. O que se pide con este rogo é que se faga algún tipo de sinalización horizontal revasado o paso de peóns, para que a incorporación se faga con máis seguridade sabendo deste xeito ata onde se pode arrimar o coche sen ir tantos metros mirando cara os lados."

Polo Sr. Alcalde reconécese a problemática plantexada e manifesta que se adoptarán as medidas necesarias para evitar os problemas de tráfico e seguridade referenciados no rogo transcrito.

Polo Sr. Fernández Louzao do Grupo Municipal do BNG fórmulase a pregunta que a seguir se transcribe:

A raíz dos achádegos arqueolóxicos aparecidos no traxecto da VAP ao seu paso polo termino de Parceiros, ao noso grupo véñennos certas cuestións:

- *En que consisten e de que época son?*
- *Cal pode ser a súa relevancia?*
- *Como se van a protexer?*
- *Poden retrasar a data prevista do remate da estrada?*

Vista a riqueza arqueolóxica que ten o noso concello, non cree o equipo de goberno que se está a aproveitar un gran recurso dándolle a repercusión que lle corresponde?

Polo Sr. Alcalde contestase que se está á espera do informe que está a elaborar o Servizo Provincial de Patrimonio e unha vez emitido dito informe, será o momento de adopta-las medidas oportunas.

Polo Sr. Fernández Louzao do Grupo Municipal do BNG formúlase o rogo que a seguir se transcribe:

Solicitar a Portos de Galicia o acondicionamento da zona de Roncadoiro, concretamente as seguintes actuacións:

- Reparación da balaustrada solta
- Reposición da Sinalización vertical
- Retirada das Pintadas
- Protección colector

Polo Sr. Alcalde contestase que esta petición será presentada na vindeira sesión do Consello da Autoridade Portuaria.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as catorce horas quince minutos da data indicada no encabezamento, levántase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo